

MEMORIA DO EDLG

Curso 2020/21

IES CIDADE DE ANTIOQUÍA

INTRODUCCIÓN

Ao longo deste curso 2020/21 as actuacións para a visibilización e fomento do uso da lingua galega estiveron restrinxidas polos protocolos sanitarios de protección derivados da Covid-19. Así as actividades desenvolvéronse sempre no contexto da aula de referencia e cando houbo interacción con persoal alleo ao centro este sempre foi a través de medios telemáticos ou, xa ao final do curso, no patio e sempre co grupo de alumnado restrinxido á unha aula. Tamén, e debido a estas circunstancias, a coordinación do EDLG levouse a cabo sen que houbera recoñecemento horario desta función, polo aumento de horario lectivo, consecuencia da diminución da ratio de alumnado por aula.

No centro, o galego é a lingua maioritaria na comunidade escolar. Así considérase liña de traballo prioritaria a ampliación de usos e funcións da lingua á aqueles ámbitos que sobrepasen o da función coloquial e/ou familiar. Para iso as actividades deste EDLG intentarán, sen esquecer eses usos, ampliar tamén a súa utilización como lingua vehicular nos ámbitos científicos, tecnolóxicos e artísticos. Tamén se levaron a cabo actividades que implicaban a utilización do galego nas redes sociais vinculadas a eventos de carácter cultural para reflexionar sobre o uso das mesmas como transmisoras de cultura e a posibilidade de facelo dende a propia lingua.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

- 1.- Realización dunha enquisa sobre os hábitos lingüísticos do alumnado que chega ao centro en 1º ESO
 - 2.- Participación do alumnado do centro no concurso de Relatos de terror.
 - 3.- Realizaciónn por parte do alumnado de 1ºESO do Esconxuro do Coronavirus coa súa lectura no patio
 - 4.- Participación na lectura colectiva dun Poema de Carballo Calero celebrando o día das letra 2020
 - 5.- Participación e celebración da semana do Entroido. Visualización de información nas redes sobre outros entroidos galegos, Instagram da TVG.
 - 6.- Participación telemática na exposición guiada sobre a Xeración Nós e os 100 anos da publicación do primeiro número da Revista Nós que lle dá o nome a Xeración. Esta actividade realizouse co alumnado das dúas aulas de 2º de Bacharelato.
 - 7.- Participación en actividades relacionadas coa semana das Letras Galegas:
 - O alumnado de 1ºESO A traballou na aula co poemario Poemar o mar de Antonio García Teijeiro e recitou despois na biblioteca o poema escollido
 - O alumnado de 1ºESO B realizou un traballo creativo a partir da obra Memorias dun neno labrego de Neira Vilas coa súa posterior lectura na biblioteca.
 - O alumnado de 1ºESO ,C despois da lectura da obra e a reflexión sobre o protagonista e a propia realidade vital e, levou a cabo unha lectura colectiva do capítulo máis valorado polo conxunto da aula: Pachín.
- Todos estes traballos da obra de Neira Vilas foron levados a cabo no contexto da conmemoración dos sesenta anos da publicación da devandita obra.
- 8.- Ao longo do mes de abril e maio levouse a cabo unha reflexión e recompilación de léxico propio do contexto familiar do alumnado de primeiro de ESO. Desta iniciativa e en colaboración con outros proxectos nos que participa o centro xorde “Aloumiños para o meu legado: dígocho eu” O alumnado recolle unha palabra que pertence ao seu contexto familiar, explícaa e m esmo xustifica o seu desexo de conservalo.
 - 9.- Debido ao éxito do programa das redes da TVG “dígocho eu” e ao seu interese lingüístico para as aulas, o 12 de maio participamos cunha aula da ESO na primeira emisión do devandito programa través da plataforma Twitch.
 - 10.- O día 22 de xuño recibimos no centro ao escritor Manuel Fontemoura que lle falou ao alumnado de 1º ESO do seu libro *A nena do vestido de flores*. A actividade ademais da finalidade literaria ou lingüística sería a referencia para falar da inclusión dos nenos Asperger na sociedade. Maruxa, nena na que se inspira Manolo Fontemoura para a

creación da protagonista, acompañou ao autor e o alumnado puido conversar con ambos.

Este EDGL, como en anos anteriores colaborou con outros Departamentos en proxectos interesantes e ambiciosos: Pedaleo, Coidados... nos que doutra maneira non tería participado, por este motivo lles agradece a súa boa disposición e acollida.

CONCLUSIÓNS

Tendo en conta o exposto anteriormente sería interesante sinalar que as actividades recompiladas foron sempre moi ben acollidas polo alumnado e polo tanto no curso 2021/22 estímase oportuno buscar a fórmula que permita dar continuidade a algunha delas. A actividade iniciada este ano sobre o léxico considérase punto de partida para traballo máis amplos e mesmo que involucren a máis membros da comunidade escolar. Poderíase pensar en deixar constancia deste tipo de traballos nalgunha publicación adecuada.